

GUÍA EXPRÉS



Cruzar as Vías

Seguridade en espazos ferroviarios para
MOZAS E MOZOS



AGENCIA ESTATAL
DE SEGURIDAD FERROVIARIA



AÑO EUROPEO
DEL FERROCARRIL 2021

Datos de interese da rede ferroviaria española



Lonxitude rede ferroviaria: 15.301 km



Nº estacións: 1.498



Nº circulacións trens/ano: 2.206.905



Viaxeiros: 487 millóns



Pasos a nivel: 3.144

Fonte: Observatorio do Ferrocarril. Informe 2017.

Datos interesantes sobre os trens

Algúns trens de alta velocidade pesan unhas 322 toneladas, o que equivale a 43 elefantes.

A distancia de freada dun tren que circula a 160 km/h pode ser de 1.000 metros, o que se corresponde con 10 campos de fútbol.

Algúns trens teñen unha potencia de 8.800 kW, como 120 coches.

Accesos non autorizados a espazos ferroviarios e vandalismo

O acceso a espazos ferroviarios non permitidos está penado pola lei. O acceso ás vías do tren non está permitido ao público e, polo tanto, cruzalas nun lugar non autorizado é, ademais de moi perigoso, ilegal e sancionable.

Hai persoas que acceden aos espazos ferroviarios para:

- ▶ Colleren un atallo.
- ▶ Non pagaren o billete.
- ▶ Cometeren actos vandálicos (graffitis, pintadas, roubos, etc.).
- ▶ Tiraren fotos.



**MULTAS
de ata
7.500€**

Sen esquecer que **estas accións poden ter consecuencias trágicas** como a **morte** de quen accede.

**114 mortos
en España en
accidentes en
puntos non
autorizados
(2010-2017)**



Por onde cruza?

- ▶ Nas estacións e nas súas proximidades **existen pasos superiores, inferiores e ao mesmo nivel para atravesar as vías de forma segura.**
- ▶ Nos casos en que non existan outros pasos e haxa un **cruzamento entre plataformas: para, mira para ambos os lados, escoita atentamente e cruza cando sexa seguro.**
- ▶ Nos pasos a nivel, fai caso dos sinais físicos, luminosos e sonoros.

Como estar seguro nos espazos ferroviarios

- ▶ Os trens, debido á súa velocidade e peso, **producen remuíños de aire tan potentes que te poden arrastrar e succionar debaixo do tren. Nunca te achegues ás vías ou á beira da plataforma ata que o tren estea completamente parado.**



Na plataforma colócate detrás da liña amarela.

- ▶ Nas estacións, ten un comportamento adecuado e non poñas en risco a túa integridade ou a dos demais.
- ▶ Nas estacións, **atende as mensaxes sonoras e visuais, así como as indicacións do persoal.**
- ▶ Nas estacións e nas súas proximidades, non ignores os sinais de advertencia de perigo.
- ▶ **Cando estás nas vías corres o risco de sufrir lesións graves ou mesmo a morte.** Hai risco polo tráfico de trens e pola electricidade.



Non é preciso tocar a catenaria coa man para electrocutarse.

- ▶ **Nunca toques a catenaria.** A catenaria é o conxunto de cables eléctricos sobre a vía que nunca se apaga y ten unha potencia mortal.

Como estar seguro nos espazos ferroviarios

- ▶ **Nunca poñas obxectos na vía** xa que poderían causar un accidente grave con vítimas.
- ▶ Á hora de te divertires e saíres de marcha non esquezas a túa seguridade. As proximidades das vías do tren non son o mellor lugar para facelo, pois implican riscos, en moitos casos fatídicos.

O alcohol e as drogas poden provocar accidentes mortais.



- ▶ **O alcohol, algúns medicamentos e outras substancias mudan a nosa percepción do risco e reducen a nosa capacidade de resposta.**

- ▶ Na beira da plataforma ou preto das vías **tirar selfies, usar os auriculares ou cascos, estar pendente das redes sociais, etc. pode ter consecuencias moi graves.**




- ▶ É perigoso cruzar as vías do tren. **Hai que estar sempre alerta, evita as distraccións.**

O tren dáche a liberdade para viaxares, saíres de marcha, estudares, traballares..., **aproveita esa liberdade pero con seguridade.**



PARA, MIRA, ESCOITA, VIVE!



Cruzar as Vías

Elaboración técnica:

